



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA A TRAVÉS DA DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS, O CONCELLO DE NOIA, A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA E O ILUSTRE COLEXIO OFICIAL DE XEÓLOGOS PARA A ANÁLISE DO RISCO DE SUBSIDENCIA NOS LABORES MINEIROS DA ANTIGA EXPLOTACIÓN COÑECIDA COMO MINA CARMEN NO BARRIO DA BARQUIÑA (NOIA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Enerxía de Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Consellería formalizou co Concello de Noia, a Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) e o Ilustre Colexio de Xeólogos o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, o Concello de Noia, o Ilustre Colexio de Xeólogos e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para determinar o risco de subsidencia dos antigos labores mineiros da explotación coñecida como mina Carmen e, no seu caso, a posible afección sobre a estabilidade das vivendas, instalacións e infraestruturas do barrio da Barquiña, en Noia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Concello de Noia, de conformidade co disposto na normativa de réxime local e na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, correspóndelle como competencias propias, todas as facultades que lle son atribuídas en materia de planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística.

A COMG, corporación de dereito público que é órgano consultivo da Administración, ten encomendado, en xeral, o fomento da industria mineira nesta Comunidade Autónoma e, en concreto, a elaboración de estudos e informes e a contribución á formación de estatísticas mineiras, segundo se desprende do Real decreto do 23/09/1921 polo que se crean as Cámaras Oficiais Mineiras.

A COMG, segundo se contempla no artigo 3 do seu Regulamento de réxime interior aprobado definitivamente por resolución do 05/04/2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, ten como finalidade a representación, fomento, promoción e defensa dos intereses xerais da industria mineira en Galicia, con especial atención a súa compatibilización coa protección do medio ambiente, a integración social e





territorial, a innovación, a formación e a seguridade e saúde laboral das actividades mineiras, así como a prestación de servizos aos seus socios.

O ICOG foi creado pola Lei 73/1978, do 26 de decembro, como corporación de dereito público de ámbito nacional, e réxese polos Estatutos aprobados polo Real decreto 1378/2001, do 7 de decembro. Segundo o artigo 7.3 do citado Real decreto son funcións do ICOG realizar estudos, emitir informes e ditames, elaborar estatísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins que sexan solicitadas polas Administracións públicas do Estado, das Comunidades Autónomas e dos entes locais.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria achegará **TRINTA MIL EUROS (30.000,00 €), IVE incluído, con cargo á aplicación 09.20.734A-781.1.** dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O director xeral de Enerxía e Minas

Ángel Bernardo Tahoces
(Asinado dixitalmente na marxe)

